

EDUSOLIDARIEDADE Á MUGARDESA II

UNHA EXPERIENCIA SOLIDARIA E DE CONVIVENCIA
DA COMUNIDADE EDUCATIVA DE MUGARDOS



PRESENTACIÓN DO PROXECTO, 2019

“

Para educar a un neno/a,
fai falta a tribu enteira.

...

PROVERBIO AFRICANO

24 de Maio, unha data a lembrar

Vintecatiro de maio, unha data para convivir, unha data para a solidariedade. Neste día, o alumnado do Concello de Mugar dos (entre 600-700 rapaces e rapazas) vivirá unha xornada de convivencia e solidariedade na que participarán os seguintes centros educativos:

- CEIP Unión Mugar desa
- CEIP Santiago Apóstolo
- CPR Loyola
- IES Mugar dos





O comezo dunha bonita historia...

No curso 2017-2018, un grupo de profesores e profesoras preguntáronse: "e se ademais dos encontros da rapazada nas prazas e nas rúas do Concello, deseñamos un encontro para todo o alumnado do Concello? E se empezamos a facer actividades para coñecernos e, ademais dun carácter lúdico e deportivo, dámoslle un carácter solidario? E se potenciamos a SOLIDARIEDADE e a colaboración nun clima de CONVIVENCIA POSITIVO?".

Imaxinamos aos pequenos/as e adolescentes, desde os tres aos dezaioito anos, divertíndose xuntos/as, convivindo e, recaudando fondos para unha ONG que traballase por mellorar a vida doutros nenos/as e adolescentes. E como nos gustou tanto a idea, XUNTOS tamén os profes e o Concello, comezamos a desenvolver a idea. Este foi o comezo dunha bonita historia que este ano repetimos e esperamos ampliar con novos capítulos nos cursos seguintes.



Fases do Proxecto

FASE I: FASE DE ELECCIÓN DE ONG.

A ONG é escollida cada curso polo alumnado e o profesorado. Damos a coñecer os proxectos nunha presentación que presentamos nas aulas e, logo, votamos nun formulario online. Os criterios que deben cumprir as ONG para ser incluídas no listado son:

- ter sede en Galicia (para poder dar unha charla en cada centro)
- ter alomenos un proxecto dirixido á infancia e á xuventude
- incluír variedade de ONGs con diferentes ámbitos de actuación na infancia e xuventude

Unha vez escollida a ONG, esta debe comprometerse a:

- dar unha charla para explicar o seu proxecto en cada centro,
- estar presente o día do evento e,
- encargarse da recollida da recaudación. o mesmo día. O recuento farase en presenza de alumnado e profesorado..

No caso de que a ONG non se comprometese cos puntos anteriores, seleccionaremos á seguinte ONG máis votada

As ONGs incluídas no listado 2019 foron as seguintes: ANESVAD, Aldeas Infantiles, Arela, Arelas, ASANOG, ASPANEMI, Chrisallys, Fundación Amigo, Fundación Meniños, IGAXES, Sonrisas de Bombay, SOGAPS, Down Galicia, UNICEF, Educo, Médicos sin Fronteras.

Finalizada a votación, **UNICEF** resultou a máis votada.



FASE 2: INSCRICIÓN DOS E DAS ESCOLARES.

O alumnado será inscrito no evento e, recibirá no seu centro un dorsal co que poderá participar na carreira e no sorteo (de habelo).

O día do evento, o alumnado poderá depositar o sobre coa súa doazón nas urnas. A doazón é voluntaria, se un alumno/a non quere/pode colaborar entregará o sobre baleiro.

A inscrición no evento permite acceder gratuitamente a todas as actividades sen custe algún.

FASE 3: CELEBRACIÓN DO EVENTO.


O 24 de maio gustaríanos ofrecer diferentes propostas ao noso alumnado polo que animamos ás empresas a que patrocinen o evento e colaboren coa súa aportación.

O alumnado poderá disfrutar de:

-CARREIRAS E ENTREGA DE BOLSA DE CORREDOR/A
A carreira non terán carácter competitivo. Ao final da mesma teremos entrega de bolsas de corredor/a con bebidas, petiscos e algunha sorpresa.

-XOGOS E ACTIVIDADES LÚDICAS

-SORTEO. Todo o alumnado participante no evento xoga co seu número de dorsal (depende da participación das empresas) .





FASE 4: EXPLICACIÓN DO PROXECTO DA ONG

Marcaremos datas para que a ONG escollida polo alumnado acuda aos centros a explicar o proxecto neste curso ou, no primeiro trimestre co curso 19-20.



Colaboración da "tribu"



Para levar a cabo este proxecto precisamos da axuda de alumnado, familias, profesorado, Concello, e empresas. Abrimos, polo tanto, a posibilidade de colaborar na organización do evento a toda a comunidade, a toda a tribu.

A organización comprométese a publicitar a colaboración das empresas no evento.

Algunhas das propostas que se nos ocorren e coas que poden colaborar as empresas son financiar ou facilitar:

- ACTIVIDADES para o evento: contacontos, monólogo, mago/a, malabarista, cantante, obradoiro de maquillaxe infantil, hinchables, zumba, etc
- BOLSAS DE CORREDOR: bolsa, bebida, petisco,,
- CAMISETAS para a carreira
- VALES OU PRODUTOS para o SORTEO: xoguetes, libros, roupa, complementos, vales en restaurantes/actividades lúdicas, etc)
- PRODUTOS para degustar
- EQUIPAMENTO para o evento (arco de meta, cartelería, etc)
- EQUIPO DE AUDIO E SPEAKER
- outros

CONTACTO

Se a túa empresa está interesada en patrocinar este evento pódeste por en contacto con:

- Isabel Calvo (orientadora IES Mugardos)
- Serafín Alvarez/Fran Canoura (dirección IES Mugardos)

Se eres pai/nai e queres colaborar, ponte en contacto coa ANPA/dirección do teu centro ou, coa orientadora/dirección do IES Mugardos.

Correo electrónico:

- edu.solidaridade.amugardesa@gmail.com
- ies.mugardos@edu.xunta.es

Teléfono: 881-938-200

